

O Concello de Cedeira, A Coruña, considerou conveniente organizar correctamente o seu emblema municipal para perpetualo con simboloxía adecuada e conforme as normas de heráldica. Para iso, e de acordo coas facultades que lle confiren as disposicións legais vixentes, elaborou o informe histórico-heráldico, coa correspondente proposta de representación gráfica do escudo, para a súa aprobación definitiva. A competencia exclusiva en materia de adopción, modificación ou rehabilitación dos emblemas heráldicos dos concellos e doutras entidades locais correspóndelle á Comunidade Autónoma galega, segundo o disposto polo artigo 27.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

O expediente tramitouse conforme as normas de procedemento establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro; e mais no Decreto 369/1998, do 10 de decembro, polo que se regula a composición e funcións da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 73/2006, do 20 de abril

Na súa virtude, visto o informe emitido pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día doce de novembro de dous mil nove,

DISPOÑO

:Artigo único.-Aprobar o escudo do Concello de Cedeira que figura como anexo, organizado do seguinte xeito:

Escudo partido: 1. En campo de sinople unha banda de ouro engolada de dragantes e linguada de gules, bordura de ouro cargada dunha cruz patada de gules no cantón de honor e da lenda «Ave Maria Gratia Plena». 2. En campo de ouro tres rochas (aguillóns) de sable, sobre ondas de prata e azur, sumadas de dúas ortigas de sete follas cada unha de sinople. No timbre coroa real pechada.